



## CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A SOCIEDADE DE PEDIATRÍA DE GALICIA EN MATERIA DE BENESTAR E SAÚDE DIXITAL

Santiago de Compostela, na data da última sinatura dixital.

### REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nomeado mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16 de maio), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de acordo coas atribucións que lle confire o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante Consellería).

Doutra, Susana María Rey García, que actúa en nome e representación da Sociedade Galega de Pediatría (en diante, SOPEGA) en uso das atribucións que lle confire o artigo 15º do seu Estatuto, como presidenta da entidade, elixida pola Asamblea Xeral Ordinaria celebrada o 30 de outubro de 2021 (LXXI Congreso SOPEGA, A Coruña).

As partes recoñécense reciprocamente e interveñen en función dos seus respectivos cargos, no exercicio das capacidades xurídicas que teñen conferidas para a sinatura deste convenio e, para tal efecto,

### EXPOÑEN:

I. Que o Estatuto de Autonomía de Galicia, na redacción dada pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, no artigo 31 atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia plena da regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

II. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia que exerce as competencias en materia de planificación, regulación e administración da educación regrada en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, segundo o disposto no artigo 1 do citado Decreto 138/2024, do 20 de maio.

III. Que, dentro da Consellería, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa é o órgano directivo da Administración xeral da Comunidade Autónoma con funcións en materia de promoción de accións e programas de innovación educativa e autorización de





programas e proxectos específicos ou experimentais (artigo 11 do Decreto 138/2024). Baixo a súa dirección e dependencia directa, a Subdirección Xeral de Inclusión e Innovación Educativa ten atribuídas as funcións de impulso das accións e programas precisos para o desenvolvemento da educación dixital, promovendo as competencias dixitais vinculadas ao uso educativo das TIC, en relación cos contornos virtuais de aprendizaxe no sistema educativo non universitario e as competencias científico-tecnolóxicas en coordinación coa Secretaría Xeral Técnica (artigo 12.2. do Decreto 138/2024).

**IV.** Que a Recomendación do Consello de Europa, de 22 de maio de 2018, sobre competencias claves para a aprendizaxe permanente establece que “Toda persoa ten dereito a unha educación, a unha formación e a unha aprendizaxe permanente inclusivas e de calidade, a fin de manter e adquirir capacidades que lle permitan participar plenamente na sociedade e xestionar con éxito as futuras transicións no mercado laboral”. Entre as ditas competencias clave atópase a competencia dixital que, segundo a mencionada Recomendación, implica “o uso seguro, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, no traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas”.

**V.** Que a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE) establece que a competencia dixital debe integrarse de maneira progresiva no currículo de todas as etapas educativas, asegurando que o alumnado non só aprenda a utilizar as tecnoloxías, senón que o faga de maneira crítica, ética e responsable.

**VI.** Que, na actual sociedade dixital, as ferramentas dixitais ofrecen numerosas oportunidades educativas, dende a mellora do acceso á información ata a personalización dos procesos de ensinanza e aprendizaxe. Por isto, é esencial que o alumnado galego adquira as competencias dixitais precisas para un uso saudable, seguro, crítico e responsable das novas tecnoloxías, resultando imprescindible que o persoal docente e as familias reciban a formación axeitada para acompañalo na súa formación.

**VI.** Que a Sociedade de Pediatría de Galicia (SOPEGA) é unha asociación médica de carácter profesional, científico e non lucrativo, que forma parte da Asociación Española de Pediatría, cuxo ámbito territorial de actuación corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia. Trátase da cuarta sociedade pediátrica máis antiga de España e agrupa, na actualidade, a un colectivo de máis de 500 membros. A proxección da súa labor científica e profesional fai que estea considerada como unha sociedade pediátrica punteira, tanto a nivel nacional como internacional.

**VII.** De conformidade co artigo 4 dos seus estatutos, a SOPEGA ten obxectivos fundamentalmente científicos, encontrándose entre os seus fins o de asesorar a calquera entidade, pública ou privada, no referente á saúde dos nenos, nenas e adolescentes, cando sexa requirida para iso.

**VIII.** Que é do interese común da Consellería e da SOPEGA promover o uso responsable da tecnoloxía nos espazos educativos, capacitar ao persoal docente e aliñarse coas





familias para preservar o benestar e saúde dos menores á par do seu desenvolvemento na era dixital.

En consecuencia, a Consellería e a SOPEGA manifestan a súa vontade de asinar o presente convenio de colaboración cun fin social específico, e con suxeición ao disposto nas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e a Sociedade de Pediatría de Galicia (SOPEGA) para promover o uso responsable da tecnoloxía nos espazos educativos, capacitar ao persoal docente e aliñarse coas familias para preservar o benestar e saúde dos menores á par do seu desenvolvemento na era dixital.

### SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A Consellería e a SOPEGA colaborarán en todo momento, de acordo cos principios de boa fe e eficacia, para asegurar a correcta execución do convenio e fomentar e impulsar o desenvolvemento das actuacións que conxuntamente acorden.

### TERCEIRA.- ACTUACIÓNS E ÁMBITO DE APLICACIÓN

A Consellería e a SOPEGA acordan realizar actuacións conxuntas en cantas materias resulten axeitadas para a consecución dos compromisos aos que se refire a cláusula anterior.

A título enunciativo e non exhaustivo, as ditas actividades poderán ter por obxecto:

- a) O asesoramento en materia de saúde e benestar dixital, a petición da Consellería, avalado pola evidencia científica, a fin de aproveitar as vantaxes da tecnoloxía e reducir os riscos sobre a saúde do alumnado galego.
- b) Potenciar a educación en saúde sobre os efectos do uso dos dispositivos dixitais, atendendo especialmente á saúde mental, física e social do alumnado galego.
- c) A colaboración en accións formativas dirixidas ao persoal docente, encadradas na Rede de formación permanente do profesorado, considerando as





oportunidades e riscos para a saúde física e mental que supón a aplicación das tecnoloxías dixitais na aula.

- d) A información a colectivos específicos e, singularmente ás Escolas de Nais e Pais (ENAPAS), en materia de saúde e benestar dixital do alumnado galego.

#### **CUARTA.- CONVENIOS ESPECÍFICOS**

Cando así fose necesario para unha maior concreción e clarificación dos obxectivos deste Convenio ou para a realización de programas ou accións específicas que así o requiran, as partes poderán adoptar convenios específicos nos que se determinarán os compromisos que asume cada unha delas en relación coas ditas actuacións e, no seu caso, os recursos que sexan precisos a tal fin. Todo isto sen prexuízo da realización de calquera tipo de actividade ou actuación colaborativa entre ambas entidades que, por entrar no ámbito das competencias e funcións que lles correspondan legalmente, se leven a cabo sen a necesidade de subscribir un convenio específico.

#### **QUINTA.- OBRIGAS ECONÓMICAS**

Este convenio marco non supón o recoñecemento de ningún tipo de obrigas económicas entre ambas partes asinantes, sen prexuízo da posibilidade de que tales compromisos puideran establecerse nos convenios específicos aos que se refire a cláusula cuarta.

#### **SEXTA.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de coordinación, seguimento e avaliación composta por dous representantes de cada unha das partes asinantes, presidida pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.

As funcións da comisión serán as seguintes:

- a) Establecer as accións de desenvolvemento deste Convenio, con proposta, no seu caso, de adopción dos Convenios específicos aos que se refire a cláusula cuarta.
- b) Levar a cabo o seguimento e avaliación, cando proceda, das actividades efectuadas no marco do Convenio.
- c) Interpretar este Convenio e, no seu caso, resolver as controversias que se poidan orixinar na súa interpretación e execución.
- d) Calquera outras encamiñadas ao cumprimento deste Convenio.





A Comisión poderá crear grupos de apoio, de composición paritaria, formados por persoal asesor e experto nas materias específicas que constitúan o seu obxecto, coa composición que se determine no acordo de creación.

O funcionamento da Comisión rexeráse polo previsto neste convenio e, con carácter supletorio, polo estipulado para os órganos colexiados na Sección terceira, do Capítulo II, do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### **SÉTIMA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS. DIFUSIÓN DA COLABORACIÓN DAS PARTES**

Os resultados froito deste convenio, publicacións e demais material obtido, serán de titularidade e uso común da Consellería e da SOPEGA.

#### **OITAVA.- NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeráse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991, así como no disposto na Lei 40/2015.

A exclusión deste convenio do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, non impide a aplicación dos principios recollidos na citada lei, para resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse, tal e como establece o seu artigo 4.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir na aplicación deste convenio.

#### **NOVENA.- MODIFICACIÓN**

As partes asinantes deste convenio marco, por acordo unánime, poderán propoñer a revisión das condicións establecidas no mesmo, durante a súa vixencia, a efectos de incluír as modificacións que resulten pertinentes, coa sinatura dunha adenda de modificación ao mesmo.

#### **DÉCIMA.- VIXENCIA**

Este convenio estará vixente durante catro anos dende a data da súa sinatura. Con anterioridade á finalización da súa vixencia, por acordo unánime das partes, poderán prorrogarse por outros catro anos, cos límites establecidos no artigo 49 h) da Lei





40/2015, salvo que sexa denunciado por escrito por algunha das partes, cun mes de antelación polo menos, por incumprimento dos compromisos que nel se recollen.

#### **UNDÉCIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou profesionais dependentes da sociedade que vaian a desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes.

#### **DUODÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en materia de protección de datos que se desprenden da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a formalización e o desenvolvemento adecuados deste, e con base no disposto no artigo 6.1. b) do RXPD.

#### **DÉCIMA TERCEIRA.- RESOLUCIÓN**

De conformidade co artigo 51 da Lei 40/2015, este convenio resolverase polas seguintes causas:

- a) Polo transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acorde a prórroga do mesmo.
- b) Polo acordo unánime de todos os asinantes.
- c) Pola substitución por outro Convenio.
- d) Polo incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.
- e) Por imposibilidade sobrevida manifestada por calquera das partes, previa xustificación do motivo que a provoca.
- f) Pola decisión xudicial declaratoria da súa nulidade.





- g) Por outras causas establecidas na lexislación vixente, sen necesidade de xustificación.

#### DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas da Ley 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do Convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

A SOPEGA acepta e consinte a remisión do Convenio, despois da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades  
e Formación Profesional

Presidenta da SOPEGA

Román Rodríguez González

Susana María Rey García

